

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	CARBALLO
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa María de Noicela
<b>Dirección</b>	Lugar de Casanova, 1. 15105
	43.287260 -8.637124
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>A igrexa de Santa María de Noicela ten a súa orixe no século XVI e ao longo dos séculos foi sufrindo sucesivas modificacións, motivo polo cal as características que chegaron ata nós son fundamentalmente barrocas. Posúe unha soa nave e unha ábsida, ambas con cuberta de madeira. Ó muro do presbiterio foille engadida unha sancristía, e a esta, máis recentemente, un segundo corpo que, na actualidade, funciona tamén como sancristía. O sistema construtivo é fundamentalmente a base de muros de carga. A cuberta posúe dúas augas cunha cubrición de tella curva do país.</p> <p>A fachada, na que se concentra a práctica totalidade da decoración, é de gran simetría e sobriedade. Posúe unha porta rectangular, con xambas enmarcadas e lintel moldurado, situándose sobre esta unha fornela que acolle á imaxe pétrea de Santa María (flanqueada por dous escudos) e un ha pequena fiestra rectangular que permite a entrada de luz natural ó coro. Os escudos da fachada con partición irregular contan coas armas dos Bermúdez de Castro, Andrade e Mariñas e outra co emblema da orde dos Agostiños, timbrado de capelo de abade.</p> <p>O seu sistema pentagonal característico interrómpeuse na cornixa, descompoñendo, así a simetría da fachada ó romperse para dar paso a unha torre-campanario. Dita torre componse de tres corpos superpostos; no inferior encóntrase o acceso ó campanario, que se efectúa a través dunhas escaleiras apegadas ó muro lateral. O corpo intermedio está formado por catro machóns unidos por arcos de medio punto e decoración de molduras, mentres que o superior, ou de remate, resólvese nunha pequena cúpula flanqueada por catro pináculos, rematando o conxunto cunha cruz sobre unha bóla.</p> <p>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	12-05-2025

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#"><u>Maior</u></a>	<a href="#"><u>LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)</u></a>	1871		
Torre-campanario	<a href="#"><u>Menor</u></a>	<a href="#"><u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u></a>	2014		

Información completa: [Igrexa de Santa María de Noicela - CARBALLO \(GALICIA\)](#)

PDF (20-05-2026)